

# UN METRO CADRADO DA MIÑA VIDA






# UN METRO CADRADO DA MIÑA VIDA

○ MEU UNIVERSO NUN RECUNCHO DO CHAN.



Un metro cadrado pode ser un espazo abondo para falarmos de nós mesmos, da nosa personalidade, do que nos gusta, do que nos interesa, daquilo que nos marcou, que nos identifica e co que nos identificamos.





## PROPOSTA DE ACTIVIDADE

Debes **delimitar** un metro cadrado no chan. Ahí disporás obxectos ou elementos que falen de ti. Cando teñas todo colocado ao teu xeito, tiraráslle unha foto.





## Pautas xerais que deberemos seguir:

- O noso metro cadrado debe contar con 5 - 10 obxectos.
- Debemos evitar pór obxectos todos do mesmo tipo, senón aqueles que evoquen emocións e gustos diversos. Orixinalidade e sinceridade!
- Se queremos incluír persoas, animais ou outros elementos que non se poidan meter no metro cadrado, pódese incluír unha foto nun marco ou unha montaxe de fotos.



Hai algúns **límites** que deberemos **ter en conta**:

- O respecto á intimidade das familias ou das amizades, evitando que aparezan fotografías ou vídeos onde saian persoas que non foran consultadas.
- O respecto máximo ás compañeiras e compañeiros cando estean presentando o seu metro cadrado na aula.



Logo, **montamos unha presentación** de diapositivas moi sinxelas:

- Unha portada co título da actividade e o noso nome e apelidos.
- Outra diapositiva que conteña a fotografía.
- Unha terceira que recolla unha relación dos obxectos que aparecen na imaxe.

Xa **na aula**, é a hora de lles presentar ás nosas compañeiras e compañeiros o noso universo persoal cunha exposición oral breve porén preparada.